XUNTA DE GALICIA

TR790A

PROGRAMAS DE AXUDAS ÁS PERSOAS TRABALLADORAS AUTÓNOMAS [2025]

PROGRAMA II. BONO NOVA OPORTUNIDADE

Axuda para as persoas traballadoras autónomas que cesaron na súa actividade e van volver emprender un negocio como persoas traballadoras autónomas e son demandantes de emprego no momento previo á nova alta

Prazo aberto do **24 de xaneiro** ao **30 de setembro de 2025**

Orzamento **1.500.000 €**

Importe Axuda **7.500 €***

* Incremento en **500 €** se a persoa beneficiaria é muller

Persoas **beneficiarias**

→ Persoas traballadoras autónomas que teñan sido autónomas con anterioridade, que queiran volver emprender, e cumpran os seguintes requisitos:

- Ter causado alta no RETA ou noutro réxime especial por conta propia da Seguridade Social ou mutualidade de colexio profesional entre o 31 de outubro de 2024 e 30 de setembro de 2025.
- Ter a unha alta inicial no RETA ou outro réxime especial por conta propia ou mutualidade, antes desta nova alta e dentro dos últimos 5 anos desde a data de publicación desta orde.
- Ter cotizado anteriormente polo menos 3 meses ininterrompidos no RETA ou noutro réxime especial por conta propia da Seguridade Social ou mutualidade.
- Estar inscrita como persoa demandante de emprego sen ocupación efectiva nos servizos públicos de emprego e non ter contrato laboral en vigor en data inmediatamente anterior á nova alta.
- Ter transcorrido un mínimo de 6 meses entre a nova alta e a anterior baixa no RETA.
- Ter domicilio fiscal en Galicia con anterioridade á nova alta, e desenvolver a actividade profesional en Galicia.
- Ter iniciada a actividade con anterioridade á presentación da solicitude da axuda.
- Ter dado a baixa no IAE da actividade precedente.

IMPORTANTE: tamén poden ser beneficiarias

As persoas traballadoras autónomas que formen parte de **comunidades de bens**, **sociedades civís** ou outras entidades sen personalidade xurídica de nova creación, sempre que as soliciten a título persoal e **coa entidade xa constituída** antes da presentación e **despois do 31 de outubro de 2024**.

EXCLUSIÓNS

Exclúense as persoas beneficiarias desta axuda **en convocatorias anteriores**, persoas autónomas que sexan membro de **entidades de economía social ou de sociedades mercantís ou laborais**, administradoras que **non acrediten participación** na empresa ou negocio e as persoas autónomas **colaboradoras** e os membros das **sociedades mercantís** e **sociedades laborais.**

PROGRAMA II. BONO NOVA OPORTUNIDADE

Presentación de solicitudes

→ As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

→ O prazo para a presentación da solicitude rematará o 30 de setembro de 2025.

→ A presentación supón a aceptación das obrigas establecidas para ser beneficiaria, así como a aceptación da axuda de ser persoa beneficiaria dela.

→ Só será válida unha solicitude por persoa. No caso de presentar unha nova, entenderase que desiste da anterior presentada (salvo se xa estivese resolta).

Documentación complementaria a presentar xunto coa solicitude

→ Documentación que acredite suficientemente a posta en marcha da actividade (facturas da compra de maquinaria, do alugueiro, da compra de mercadorías, ...).

→ Cando se actúe mediante representación, acreditación por calquera medio válido (en caso de que non estea inscrito no Rexistro xeral de apoderamentos da Xunta de Galicia).

→ Acreditación de baixa no IAE da actividade precedente (modelo 036 ou 037 da actividade anterior) e certificación censual da nova actividade.

→ No caso das persoas mutualistas, certificado de baixa, certificado do tempo que pasou en situación de mutualista, e certificado da nova alta.

→ De ser o caso, contrato ou documento da creación da comunidade de bens, sociedade civil ou entidade sen personalidade xurídica.

Principais obrigas das persoas beneficiarias

→ Permanecer de alta no RETA ou na mutualidade de colexio profesional durante un tempo mínimo de 24 meses desde a nova alta como persoa traballadora autónoma, salvo cesamento por causas alleas á súa vontade.

→ Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e das condicións, e comunicarlle calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión.

→ Estar ao día nas súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social, así como non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

Acceso á ficha da sede electrónica

[Pulsa ou escanea]

→ Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, aos efectos das actuacións de comprobación e control, e adoptar as medidas adecuadas para dar publicidade ao financiamento público.